

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8824 *Real decreto 692/2010, do 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne e se modifica o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.*

O Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, baseada no Convenio europeo de protección dos animais en explotacións, do Consello de Europa, ratificado por España o 21 de abril de 1988, estableceu o marco básico de protección animal no dito ámbito.

O Comité Permanente do dito convenio adoptou en 1995 unha recomendación relativa ás aves de curral (*Gallus gallus*), que incluía disposicións suplementarias para as aves destinadas á produción de carne.

Mediante a Directiva 2007/43/CE do Consello, do 28 de xuño de 2007, pola que se establecen as disposicións mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne, establecéronse as normas específicas para os ditos animais, de acordo coa Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo, e coa recomendación citada.

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico interno a citada Directiva 2007/43/CE do Consello, do 28 de xuño de 2007. Faise necesario, así mesmo, modificar parcialmente o Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne, no cal se inclúen previsións respecto das exixencias de benestar animal, co fin de excluír deste as explotacións de produción de carne, unha vez que se aprobou normativa harmonizada para toda a Unión Europea. Así mesmo, adáptase o contido á normativa comunitaria en materia de control de salmonelas e ás particularidades de certas producións locais, onde na explotación se realiza unicamente certa parte do ciclo produtivo.

Finalmente, modifícase por medio desta norma o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos, que se debe realizar para a súa adaptación á corrección de erros da Directiva 97/2/CE do Consello, do 20 de xaneiro de 1997, pola que se modifica a Directiva 91/629/CEE, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos, cuxa versión codificada se aprobou mediante a Directiva 2008/119/CE, do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, considérase axustada a súa adopción mediante real decreto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da ministra de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas mínimas para a protección dos polos de cría nas explotacións que contén con poboacións de reprodución e de cría.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todos os polos destinados á produción de carne, incluíndo os que se encontren en explotacións que poidan ter outra clasificación zootécnica

distinta da de produción de acordo co Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.

2. Non obstante o previsto no punto anterior, non será de aplicación nos seguintes supostos:

- a) Explotacións con capacidade autorizada menor de 500 polos.
- b) Explotacións en que soamente se críen polos destinados á selección, multiplicación ou recría.
- c) Incubadoras.
- d) Cría extensiva en galiñeiro ou cría de polos en galiñeiro con saída libre, en granxa ao aire libre ou en granxa de cría en liberdade, recollidas no anexo V, letras b), c), d) e e) do Regulamento (CE) n.º 543/2008 da Comisión, do 16 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, no que afecta a comercialización de carne de aves de curral.
- e) Produción ecolóxica de polos, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/91.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 32 /2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

2. Así mesmo, entenderase como:

- a) Criador: calquera persoa que sexa responsable dos animais para efectos de benestar animal ou estea a cargo dos polos.
- b) Densidade de poboación: o peso total en vivo dos polos, por metro cadrado de zona utilizable, que están presentes de forma simultánea nun galiñeiro.
- c) Galiñeiro: un edificio dunha explotación no cal se cría unha manda de polos.
- d) Manda: un grupo de polos que se encontran aloxados nun galiñeiro dunha explotación, presentes nel a un tempo e que compartan a mesma cubicación de aire.
- e) Polo: un animal da especie *Gallus gallus* que se cría para a produción de carne.
- f) Propietario: calquera persoa física ou xurídica que teña a propiedade da explotación onde se crían polos.
- g) Taxa de mortalidade diaria: número de polos que morreron, nun galiñeiro, nun mesmo día, incluídos os sacrificados por estaren enfermos ou por outros motivos, dividido polo número de polos presentes no galiñeiro ese día, multiplicado por 100.
- h) Taxa de mortalidade diaria acumulada: a suma das taxas de mortalidade diarias.
- i) Titular de explotación: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais, incluso con carácter temporal, xa sexa como propietario ou criador.
- j) Veterinario oficial: un veterinario nomeado pola autoridade competente e cualificado para actuar como tal conforme o anexo I, sección III, capítulo IV, letra A, do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.
- k) Zona utilizable: o espazo con cama accesible aos polos en todo momento ou, se é o caso, en relación tamén coas zonas sen cama de conformidade coa normativa que poida adoptar para o efecto a Comisión Europea.

Artigo 4. *Primeiro responsable.*

1. O criador é o primeiro responsable do benestar dos polos.
2. Nas integracións considerárase responsable do benestar dos animais:
 - a) O integrado mentres os animais permanezan na explotación. Non obstante, se o poder de decisión último sobre o efectivo cumprimento das obrigas en materia de benestar

animal lle corresponde ao integrador, e a súa execución ou aplicación ao integrado, consideraranse, en principio, responsables ambos os dous solidariamente.

b) O integrador, no resto dos supostos.

Artigo 5. *Requisitos para a crianza dos polos.*

1. Todos os galiñeiros deberán cumprir, ao menos, os requisitos establecidos no anexo I.

2. A autoridade competente ou o veterinario oficial deberán realizar as inspeccións, o control e o seguimento obrigatorios, incluídos os previstos no anexo III.

3. A densidade máxima de poboación nunha explotación ou nun galiñeiro dunha explotación non excederá en ningún momento os 33 quilogramos de peso vivo por metro cadrado de zona utilizable.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, a autoridade competente poderá autorizar que os polos se críen cunha densidade de poboación máis elevada, sempre que o titular ou o criador cumpra os requisitos recollidos no anexo II, ademais dos requisitos que establece o anexo I, e que a densidade máxima de poboación nunha explotación ou nun galiñeiro dunha explotación non exceda en ningún momento os 39 quilogramos de peso vivo por metro cadrado de zona utilizable.

5. Cando se cumpran os criterios que establece o anexo V, a autoridade competente poderá autorizar que a densidade máxima de poboación que cita o punto 4 se incremente en 3 quilogramos de peso vivo por metro cadrado de zona utilizable, como máximo.

6. O titular da explotación informará a autoridade competente da identidade do criador, responsable para efectos de benestar animal, e esta rexistrará no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, de acordo co Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

Artigo 6. *Formación e orientación do persoal a cargo do coidado dos polos.*

1. Os criadores deben ter recibido suficiente formación para levar a cabo as súas tarefas.

2. O titular da explotación ou, se é o caso, a entidade integradora, deben poñer á disposición dos criadores, a que se refire o punto 1, cursos de formación que se centrarán en aspectos relativos ao benestar e abordarán, en particular, os temas que figuran no anexo IV. Os ditos cursos terán unha duración mínima de 20 horas.

3. Corresponde á autoridade competente aprobar, se é o caso, os cursos de formación con carácter previo á súa realización, e controlar posteriormente a súa execución. Finalizado o curso, outorgarase a quen o superase un certificado recoñecido pola autoridade competente en que conste que realizou un curso de formación deste tipo, certificado que producirá efectos en todo o territorio nacional.

4. O titular da explotación ou o criador ou, se é o caso, a entidade integradora, darán ás persoas que empreguen ou contraten para atender os polos ou para capturalos e cargalos, instrucións por escrito e orientación sobre os requisitos pertinentes en materia de benestar animal incluídos, se é o caso, os relativos aos métodos de matanza aplicados nas explotacións.

Artigo 7. *Informe.*

As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para o seu traslado á Comisión Europea, os resultados da recompilación de datos baseada no control dunha mostra representativa de mandas sacrificadas durante un período mínimo dun ano, de acordo coas instrucións que para o efecto dite a citada comisión.

Artigo 8. *Inspeccións.*

1. As autoridades competentes realizarán inspeccións non discriminatorias destinadas a comprobar o cumprimento dos requisitos que establece este real decreto.

Estas inspeccións deberanse realizar respecto dunha proporción adecuada dos animais criados en cada ámbito territorial respectivo, de conformidade coas disposicións pertinentes do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, e poderanse efectuar ao mesmo tempo que os controis realizados con outros fins.

2. As autoridades competentes establecerán os procedementos adecuados para determinar a densidade de poboación, logo de proposta do Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción regulado no artigo 11 do Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.

3. As autoridades competentes presentarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como moi tarde o 31 de marzo de cada ano, un informe anual do ano anterior relativo ás inspeccións previstas no punto 1, para a súa remisión por este á Comisión Europea. O informe irá acompañado dunha lista das medidas máis importantes tomadas polas autoridades competentes para resolver os principais problemas de benestar que se detectasen.

Artigo 9. *Guías de boas prácticas de xestión.*

As autoridades competentes, así como o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, fomentarán a elaboración de guías de boas prácticas de xestión que conteñan orientacións sobre o cumprimento das disposicións deste real decreto, así como a divulgación e uso destas.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do previsto neste real decreto será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 32 /2007, do 7 de novembro, de normas básicas sobre explotación, transporte, experimentación e sacrificio para o coidado dos animais.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/43/CE do Consello, do 28 de xuño de 2007, pola que se establecen as disposicións mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.*

O Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4.b).6.º queda redactado do seguinte modo:

«6.º Sen prexuízo do establecido no Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e regula o plan sanitario avícola, despois do traslado ou da saída de cada manda ou ao terminar cada ciclo de produción, as unidades de produción e os utensilios limpanse e desinfectaranse adecuadamente e manterase un tempo de espera antes da introdución do seguinte lote de animais de, ao menos, 12 días tras a dita limpeza, desinfección, desratización e, se é o caso, desinsectación.

Así mesmo, e durante ese tempo de espera, realizaranse as analíticas necesarias de comprobación da eficacia das ditas operacións que incluírán, como mínimo, o control sobre salmonela spp. realizado por laboratorios autorizados pola autoridade competente, segundo o previsto no Regulamento (CE) n.º 2160/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro de 2003, sobre o control da salmonela e outros axentes zoonóticos específicos transmitidos polos alimentos.

Non obstante o anterior, naqueles casos nos cales se dispoña dos ditos resultados analíticos que demostren a eficacia da limpeza e desinfección realizadas, poderase reducir o tempo de espera ata un mínimo de sete días.

No caso daquelas explotacións de produción nas cales soamente se realice unha parte do ciclo produtivo, e sempre que as aves non se aloxen nelas por un período superior a 20 días, o tempo de espera poderase reducir ata un mínimo de catro días, sempre que se cumpran as condicións dispostas no parágrafo anterior.

No caso de unidades de produción con áreas de cría ou produción ao aire libre e de aves corredoras (ratites), deberanse establecer as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para lograr un descanso suficiente daquelas, que permita o control efectivo dos axentes infecto-contaxiosos e parasitarios.»

Dous. O artigo 4.d) queda redactado do seguinte modo:

«d) Condicións de benestar das aves de curral. As explotacións deberán asegurar as condicións mínimas de benestar descritas no anexo I, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de benestar animal, e en especial do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeirias; do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

Non obstante, o disposto no anexo I, non será de aplicación ás explotacións reguladas polo Real decreto /2010, de de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne e se modifica o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos, ou para as cales exista normativa específica de protección animal.»

Tres. As letras a) e b) da parte A) Condicións xerais, do anexo I para todas as explotacións, quedan redactadas do seguinte modo:

«a) Formación. O persoal encargado de coidar e manipular os animais deberá posuír a formación, os coñecementos e a competencia profesional necesaria para asegurar o benestar dos animais. O titular da explotación deberá garantir os ditos aspectos.

No que se refire á formación, acreditarase mediante cursos que terán unha duración mínima de 20 horas e inclúan, ao menos, contidos teóricos e prácticos sobre fisioloxía animal, comportamento animal, sanidade animal, funcionamento dos equipamentos e instalacións de produción e normativa en materia de benestar animal.

As autoridades competentes realizarán os controis oportunos para comprobar a formación, os coñecementos e a competencia profesional necesaria para asegurar o benestar dos animais.

b) Intervencións cirúrxicas. Prohíbense todas as intervencións cirúrxicas por motivos que non sexan terapéuticos ou de diagnóstico e que poidan dar lugar a unha lesión ou á perda dunha parte sensible do corpo ou ben á alteración da estrutura ósea. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar:

1.º O recorte do peteiro das aves, unha vez esgotadas as demais medidas destinadas a evitar o canibalismo e que peteiren as plumas. En tales casos, a operación unicamente se efectuará tras ter consultado cun veterinario e por consello deste, e será practicada por persoal cualificado e só aos pitiños de menos de dez días.

2.º A castración dos polos, que só se poderá realizar baixo supervisión veterinaria e por parte de persoal cunha formación específica.

Prohíbese arrincarles pluma ou penuxe aos animais vivos.»

Catro. A letra b) da parte B) Condicións específicas do anexo I, queda sen contido.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.*

O artigo 3.3.b) do Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos, substitúese polo seguinte:

«b) No caso dos xatos criados en grupo, o espazo libre de que dispoña cada animal deberá ser igual, polo menos, a 1,5 metros cadrados para cada xato de peso vivo inferior a 150 quilogramos, e, ao menos, de 1,7 metros cadrados para cada xato dun peso en vivo igual ou superior a 150 quilogramos pero inferior a 220 quilogramos e, ao menos, de 1,8 metros cadrados para cada xato dun peso en vivo igual ou superior a 220 quilogramos.»

Disposición derradeira quinta. *Facultade de aplicación e modificación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e o ministro de Sanidade e Política Social, no ámbito das súas respectivas competencias, para modificar os anexos, así como as datas e os prazos previstos nesta norma co fin de adaptala ao disposto na normativa comunitaria.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 30 de xuño de 2010.

Dado en Barcelona o 20 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Requisitos mínimos aplicables ás explotacións

Ademais das disposicións correspondentes do anexo do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, deberánse cumprir os requisitos seguintes.

1. Bebedoiros.—Os bebedoiros situaranse e manteranse de maneira que o derramamento de auga sexa mínimo, e a unha altura adecuada para que as aves teñan acceso á auga en calquera fase do seu crecemento.

2. Alimentación.—Os pensos estarán dispoñibles de forma continua ou subministraranse por comidas e non poderán retirarse máis de doce horas antes da hora prevista para o sacrificio.

3. Camas.—Todos os polos deberán ter acceso permanente a unha cama seca e de material friable na superficie.

4. Ventilación e calefacción.—Débese facilitar a ventilación suficiente para evitar os excesos de temperatura e, se é o caso, combinados con sistemas de calefacción para eliminar a humidade excesiva.

5. Ruído.—O nivel de ruído deberase manter o máis baixo posible. Os ventiladores, os sistemas de comedeiros e demais aparellos deberanse construír, montar, manter e utilizar de maneira que produzan o menor ruído posible.

6. Iluminación.

6.1 Todos os aloxamentos deberán dispoñer de iluminación cunha intensidade mínima de 20 lux durante os períodos de luz natural, medida á altura dos ollos das aves, e que ilumine ao menos o 80 por cento da zona utilizable. En caso necesario, poderá autorizarse unha redución temporal do nivel de iluminación por recomendación veterinaria.

6.2 No prazo de sete días a partir do momento en que se depositen os polos no seu aloxamento e ata tres días antes do momento de sacrificio previsto, a iluminación deberá seguir un ritmo de 24 horas e incluír períodos de escuridade de duración mínima de 6 horas en total, cun período mínimo de escuridade ininterrompida de 4 horas, con exclusión de períodos de penumbra.

7. Vixilancia.

7.1 Todos os polos da explotación serán inspeccionados como mínimo dúas veces ao día. Prestarase especial atención aos signos que indiquen unha diminución do nivel de benestar ou de saúde dos animais.

7.2 Os polos con lesións graves ou con sinais evidentes de trastornos de saúde que poidan causar dor, como os que presenten dificultades para andar, unha ascite grave ou malformacións importantes, recibirán o tratamento adecuado ou serán inmediatamente sacrificados. Consultarase un veterinario sempre que sexa necesario.

8. Limpeza.—Limparanse e desinfectaranse a fondo aquelas partes das instalacións, do equipamento ou dos utensilios que estean en contacto cos polos cada vez que se leve a cabo un baleiramento total, antes de introducir unha nova manda no galiñeiro. Tras o baleiramento final dun galiñeiro, deberase eliminar toda a cama e dispoñer cama limpa.

9. Rexistro.—No Libro rexistro de explotación previsto no artigo 7 do Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, ou nun rexistro específico, o titular ou criador farán constar os seguintes datos respecto de cada galiñeiro dunha explotación:

- a) Data de chegada dos animais e número de polos introducido.
- b) Zona utilizable.
- c) Cruzamento ou raza dos polos se se coñece.
- d) Por cada control, o número de aves achadas mortas e as causas, se se coñecen, así como o número de aves sacrificadas por esta causa.

- e) Data de saída dos animais e número de polos que saen.
- e) Número de polos que queda na manda tras a saída dos destinados á venda ou ao sacrificio.

Estes datos deberanse conservar durante un período mínimo de tres anos, de maneira que se poidan presentar á autoridade competente cando leve a cabo unha inspección ou o solicite por outra vía.

10. Intervencións cirúrxicas.— Prohibense todas as intervencións cirúrxicas por motivos que non sexan terapéuticos ou de diagnóstico e que poidan dar lugar a unha lesión ou á perda dunha parte sensible do corpo ou ben á alteración da estrutura ósea. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar:

- a) O recorte do peteiro das aves unha vez esgotadas as demais medidas destinadas a evitar o canibalismo e que peteiren as plumas. En tales casos, a operación unicamente se efectuará tras ter consultado cun veterinario e por consello deste, e será practicada por persoal cualificado e só aos pitiños de menos de dez días.
- b) A castración dos polos, a cal só se poderá realizar baixo supervisión veterinaria e de persoal cunha formación específica.

ANEXO II

Requisitos mínimos relativos a densidades de poboación máis elevadas

1. Notificación e documentación.

Deberanse cumprir os seguintes requisitos:

1.1 O titular ou criador comunicará á autoridade competente a súa intención de aplicar unha densidade de poboación superior a 33 kg/m² de peso vivo.

Ao menos 15 días antes da instalación da manda no galiñeiro, indicará a cifra exacta e informará as autoridades competentes acerca de calquera cambio na densidade de poboación aplicada.

Se llo solicita a autoridade competente, a dita notificación presentarse xunto cunha síntese da información recollida na documentación que se establece no punto 1.2.

1.2 O titular ou criador manterá e terá dispoñible no galiñeiro unha documentación recompilada na cal se describan pormenorizadamente os sistemas de produción. En particular, a documentación deberá incluír a información relativa aos datos técnicos sobre o galiñeiro e o seu equipamento, como a seguinte:

- a) Un plano do galiñeiro que inclúa as dimensións das superficies ocupadas polos polos.
- b) O sistema de ventilación e, se é o caso, de refrixeración e calefacción, que comprenda a súa disposición, un plan de ventilación e parámetros de calidade do aire detallados, como o fluxo do aire, a velocidade e a temperatura do aire.
- c) Os sistemas de comedeiros e bebedeiros e a súa disposición.
- d) Os sistemas de alarma e os sistemas auxiliares en caso de fallo de calquera equipamento automático ou mecánico esencial para a saúde e o benestar dos animais.
- e) O tipo de chan e de cama que se utiliza normalmente.

Por petición da autoridade competente, deberase presentar a documentación recompilada, que debe estar actualizada. Prestarase especial atención ao rexistro das inspeccións técnicas dos sistemas de ventilación e de alarma.

O titular ou criador comunicará sen demora á autoridade competente calquera cambio efectuado no galiñeiro, no equipamento ou nos procedementos descritos que poida influír no benestar das aves.

2. Requisitos para as explotacións e control dos parámetros ambientais.

O titular ou criador velará porque cada galiñeiro dunha explotación estea equipado con sistemas de ventilación e, se for necesario, de calefacción e refrixeración, deseñados, construídos e utilizados de maneira que:

- a) A concentración de amoníaco (NH_3) non sexa superior a 20 ppm e a concentración de dióxido de carbono (CO_2) non supere as 3 000 ppm medidas ao nivel das cabezas dos polos.
- b) A temperatura interior non exceda a temperatura exterior en máis de 3° C cando esta última, medida á sombra, supere os 30° C.
- c) A humidade relativa media dentro do galiñeiro durante 48 horas non supere o 70 %, cando a temperatura exterior sexa inferior a 10° C.

ANEXO III

Control e seguimento no matadoiro

1. Mortalidade.

1.1 En caso de densidade de poboación superior a 33 kg/m², a documentación que acompañe a manda incluírá a mortalidade diaria e a taxa de mortalidade diaria acumulada, calculadas polo titular ou o criador, así como o híbrido ou a raza dos polos.

1.2 Estes datos, xunto co número de polos que chegaron mortos, consignaranse baixo a supervisión do veterinario oficial, e indicárase a explotación e o galiñeiro a que pertencen. Comprobarase a fiabilidade dos datos e da taxa de mortalidade diaria acumulada, tendo en conta o número de polos sacrificados e o número de polos que chegaron mortos ao matadoiro.

2. Inspección post mórtem. No contexto dos controis efectuados de acordo co Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, o veterinario oficial avaliará os resultados da inspección post mórtem con obxecto de determinar outras posibles indicacións de malas condicións de benestar, como niveis anormalmente altos de dermatite de contacto, parasitismo, enfermidades sistémicas na explotación ou no galiñeiro da explotación de orixe.

3. Comunicación de resultados. Se a taxa de mortalidade a que se refire o punto 1 ou os resultados da inspección post mórtem a que se refire o punto 2 concordan cunhas condicións deficientes de benestar dos animais, o veterinario oficial comunicará os datos ao titular ou criador dos animais e á autoridade competente. O titular ou criador dos animais e a autoridade competente adoptarán as medidas oportunas.

ANEXO IV

Formación

Os cursos de formación recollidos no artigo 6.2 deberán abordar, como mínimo, a normativa relativa á protección dos polos e, en particular, os seguintes temas:

- a) Os anexos I e II desta norma.
- b) A fisioloxía, en particular, as necesidades de comida e bebida, o comportamento dos animais e o concepto de estrés.
- c) Os aspectos prácticos da manipulación coidadosa dos polos así como a súa captura, carga e transporte.
- d) Os coidados de emerxencia para os polos e os sacrificios e as eliminacións de urxencia.
- e) As medidas preventivas de bioseguridade.
- f) Funcionamento dos equipamentos e instalacións de produción.
- g) Lexislación sanitaria e de benestar animal.

ANEXO V

Incremento da densidade de poboación

1. Criterios.

a) Os resultados dos controis da explotación realizados pola autoridade competente no prazo dos dous últimos anos non puxeron de manifesto deficiencias con respecto aos requisitos establecidos por este real decreto.

b) O control realizado polo titular ou criador da explotación lévase a cabo de acordo coas guías de boas prácticas de xestión a que se refire o artigo 9.

c) E, en polo menos sete mandas consecutivas dun galiñeiro, supervisadas posteriormente, a taxa de mortalidade diaria acumulada é inferior ao $[1\% + (0,06\% \text{ multiplicado pola idade de sacrificio da manda, expresada en días})]$.

Se a autoridade competente non tiver realizado ningún control da explotación durante os dous últimos anos, deberase levar a cabo polo menos un para comprobar se se cumpre o requisito da letra a).

2. Circunstancias excepcionais.

Non obstante o disposto no punto 1.c), a autoridade competente poderá decidir incrementar a densidade de poboación cando o titular ou criador facilitase explicacións suficientes acerca do carácter excepcional dunha taxa de mortalidade diaria acumulada máis alta ou demostrase que as causas son independentes da súa vontade.